

GRAO EN QUÍMICA

REGULAMENTO DO TRABALLO DE FIN DE GRAO

Aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015

O plan de estudos do Grao en Química da Facultade de Química da Universidade de Santiago de Compostela inclúe unha materia obligatoria denominada "Traballo Fin de Grao" (TFG), de 15 créditos ECTS, incluída no 4º curso da titulación e orientada á avaliación de competencias asociadas ao título, que poderá ser matriculada polos/as alumnos/as que ao comezo do curso teñan pendentes un máximo de 75 ECTS para completar os estudos, excluídos os correspondentes ao TFG. Tamén poderán matricularse desta materia os/as alumnos/as de intercambio, e o seu réxime será o establecido no Regulamento de Intercambios da USC.

O TFG só poderá ser defendido e avaliado unha vez que se teña constancia de que o/a estudiante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de Grao, agás os correspondentes ao propio TFG.

I.- CONCEPTO, NATUREZA E MODALIDADES DO TRABALLO FIN DE GRAO

O TFG é un traballo de iniciación á investigación realizado individualmente por cada estudiante, que ten como finalidade acreditar de forma integrada os coñecementos e destrezas adquiridas durante os estudos de grao realizados. Incluirá como mínimo tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, elaboración de información relevante, redacción, presentación e defensa.

Os traballos deberán estar orientados á aplicación das competencias asociadas á titulación, a capacitar para a procura, xestión, organización e interpretación de datos relevantes, normalmente da área de estudio, para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole científica, e que facilite o desenvolvemento dun pensamento e xuízo crítico, lóxico e creativo.

Considéranse tres modalidades de TFG:

- a) *Ordinarios*: TFG propostos polo Persoal Docente e Investigador (PDI) pertencente ás áreas de coñecementos ás que está adscrita esta materia, para seren realizados na USC cunha temática a ser desenvolvida individualmente.
- b) *Extraordinarios*: TFG propostos polo PDI pertencente ás áreas de coñecementos ás que está adscrita esta materia, para seren realizados en empresas e institucións públicas ou privadas. Esta modalidade inclúe o caso dos estudiantes que realicen o seu TFG noutras universidades españolas ou estranxeiras con ou sen acordos de intercambio coa USC.
- c) *Específicos*: TFG ofertados para estudiantes con necesidades educativas especiais. Dentro deste grupo inclúense os/as alumnos/as visitantes e os que necesitan adaptacións especiais, por padecer algúna minusvalía que requira un tratamento específico.

II. TITORIZACIÓN DOS TFG:

Os TFG serán realizados baixo a supervisión dun tutor que oriente e asista ao estudiante. O tutor programará sesións de traballo con cada estudiante, nas que establecerá a programación das tarefas a realizar e orientará o traballo. Será responsable de expor ao/a estudiante as características do TFG, e de axudalo no seu desenvolvemento, na procura da consecución dos obxectivos propostos, así como de realizar o seguimento do

TFG e emitir informe preceptivo e confidencial sobre este seguimento antes da defensa do traballo e para os efectos de que se teña en conta polo Tribunal avaliador.

O titor do TFG, será un membro do PDI pertencente ás áreas de coñecementos ás que está adscrita esta materia. Por razóns xustificadas e se a Comisión o estima oportuno, poderá designarse un cotitor, ou excepcionalmente dous cotidores, que tamén serán membros do PDI pertencentes a estas áreas.

Excepcionalmente tamén poderán ser cotidores profesores da USC que se atopen na situación de servizos especiais, comisión de servizos, e tamén profesores eméritos ou ad honorem, profesores doutras universidades, persoal con vinculación permanente a organismos públicos de Investigación (OPI) e profesionais especializados.

Non poderán ser cotidores membros do persoal de administración e servizos, agás nos supostos de consideración como profesionais, nin o persoal contratado con cargo ao capítulo VI, agás os que posúan titulación de master ou equivalente. Con carácter previo a realizar a cotitoría, deberá comunicarse dita circunstancia á Vicerreitoría con competencias na materia, a través do Servizo correspondente, indicando a dedicación dos titores e cotidores.

O persoal docente da Universidade de Santiago de Compostela que sexa nomeado titor ten a obriga de asumir esta actividade de titorización conforme ao que se establece na memoria do grao.

Os traballos poderán desenvolverse parcialmente no marco de convenios con empresas ou institucións,. Nestes casos a matrícula realizarse na USC pero poderá designarse un cotitor que poderá ser persoal do centro ou Institución no que se desenvolva o traballo.

III. PROPOSTAS E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DOS PROXECTOS.

A Xunta de Facultade, a proposta da Comisión de TFG, aprobará a guía docente e os períodos de presentación dos TFG.

Posteriormente, a petición do Decanato, os departamentos presentarán as propostas do PDI habilitado para actuar como titores, cada un dos cales fará chegar as propostas de proxectos de TFG, utilizando o formulario oficial correspondente. Cada unha delas incluirá a información seguinte:

1. Título do proxecto ofertado e liña temática na que se encadra
2. Breve resumo
3. Titor/Cotitor(es)
4. Lugar de realización

A Comisión de TFG fará pública a relación de proxectos ordinarios ofertados, así como unha relación priorizada de alumnos/as matriculados na materia, segundo a nota media do seu expediente académico. A listaxe de prelación farase pública co fin de emendar os posibles errores. Establecerase un prazo de, como mínimo, cinco días hábiles para interpoñer reclamacións, que se presentarán debidamente xustificadas no Rexistro da Facultade.

Cada alumno ou alumna incluída nesta relación optará por unha das tres alternativas seguintes:

1. Presentar, no formulario oficial correspondente, unha solicitude, que inclúa unha relación priorizada de todos os proxectos ofertados.
2. Presentar unha proposta de proxecto extraordinario, utilizando o formulario oficial

correspondente, que virá avalada por un titor dos incluídos na antedita relación e un co-titor da empresa ou institución allea.

3. Presentar unha solicitude de proxecto específico, no formulario oficial correspondente, na que xustificará as razóns polas que opta por esta modalidade de TFG.

Os alumnos/as incluídos/as nesta relación presentarán unha solicitude que incluirá unha relación priorizada dos TFG ofertados.

A Comisión de TFG adxudicará os TFG aos alumnos/as segundo a nota media dos seus expedientes académicos e as súas prioridades. En caso de coincidencia de nota media se lle asignará ao alumno/a aquel TFG sobre o que manifestase prioridade, e en caso de persistir a coincidencia a comisión resolverá. Paralelamente, a Comisión de TFG procederá a aceptar ou rexeitar as propostas de proxectos extraordinarios ou específicos.

Unha vez elevada a definitiva a asignación de proxectos ordinarios de TFG, cada estudiante e o(s) titor(es) correspondente(s), asinarán un documento de inicio de traballo, que será remitido á Secretaría da Facultade no prazo de 15 días, a contar dende a data de aprobación da asignación, utilizando para iso o formulario que lle será facilitado no Decanato, no que se fará constar o título do TFG, unha breve planificación, unha declaración de aceptación, a firma do(s) titor(es) e do/a alumno/a, e a data.

IV.- ENTREGA E CONTIDO DA MEMORIA

Os TFG poderán ser defendidos e avaliados unha vez que se teña constancia de que o/a estudiante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de Grao, a excepción dos correspondentes ao propio TFG.

O/A alumno/a deberá entregar no Decanato tres exemplares da memoria do TFG en formato papel e un exemplar en formato electrónico, dentro dos prazos que se sinalarán debidamente. Ademais do réxime xeral de conservación de traballos, a copia dos TFG en formato electrónico, quedará depositada no centro para usos docentes e de investigación.

A memoria (cun máximo de 50 páxinas) deberá adoptar a estrutura seguinte:

- Portada, na que figuren: denominación do Grao, título do traballo, nome completo do autor, e curso académico correspondente.
- Na primeira folla da memoria figurarán os datos do Departamento, Centro, Institución ou Empresa onde se realizou o TFG, así como a autorización escrita do titor ou titores deste.
- Índice dos capítulos e apartados.
- Resumo dunhas 200 palabras, en inglés, español e galego
- Introdución breve sobre antecedentes.
- Obxectivos e plan de traballo.
- Resultados, cunha discusión crítica e razoada destes
- Conclusíons, en inglés, español e galego

Simultaneamente, o titor ou titores presentarán na Secretaría da Facultade un informe de titorización, no formato que a Comisión de TFG aprobe.

V.- NOMEAMENTO DOS TRIBUNAIS DE AVALIACIÓN.

Os tribunais estarán constituídos por profesorado da titulación, e serán nomeados polo Decanato da Facultade de Química, por proposta da Comisión do TFG, que será formulada aténdose ós criterios seguintes:

1. Aos efectos de avaliación, os TFG serán clasificados nos dous ámbitos seguintes
 - a) Ámbito I: Edafoloxía e Química Agrícola, Enxeñaría Química, Química Analítica e Química Física.
 - b) Ámbito II: Bioquímica e Bioloxía Molecular, Química Inorgánica e Química Orgánica.
2. Para cada ámbito nomearanse cando menos dous tribunais, entre os que se distribuirán os TFG do ámbito correspondente, co obxecto de garantir que en ningún caso o titor ou cotitor dun TFG poida formar parte do tribunal de avaliación correspondente.
3. Cada tribunal estará constituído por un/unha presidenta, un/unha vogal e un/unha secretaria, asegurando a presenza das áreas de Química Analítica e de Química Física, no caso do Ámbito I, e a das áreas de Química Inorgánica e de Química Orgánica no caso do Ámbito II. En ambos casos, nomearse para cada un dos membros titulares o suplente correspondente. O/a presidente/a e secretario/a exercerán como tales en todas as actuacións.
4. O Tribunal poderá invitar ás deliberacións ao titor/a do traballo e ao cotitor/a, así como a profesores/as especializados/as na materia que se estea a avaliar, en calidade de asesores, con voz pero sen voto. Poderá constituírse un Tribunal único por ámbito para a avaliación dos traballos da mesma convocatoria.

VI. PRESENTACIÓN E DEFENSA DO TRABALLO FIN DE GRAO

A matrícula dará dereito a presentación do traballo en dúas oportunidades en calquera das convocatorias oficiais do curso no que estea matriculado, cun número máximo de convocatorias de catro. No caso de obter *Non Presentado* nas dúas oportunidades, considerarase consumida a convocatoria. No suposto de que o alumno/a non reúna os requisitos para presentar o TFG, por ter materias pendentes, concedéráselle a renuncia á convocatoria, se así o solicita.

Requirirase a presentación e defensa da memoria correspondente aos TFG ante un tribunal. O alumno/a expoñerá oralmente, en sesión pública, durante un tempo comprendido entre 10 e 15 minutos o traballo desenvolvido. Iso deberá ir seguido dun debate sobre o mesmo cos membros do tribunal, que terá unha duración máxima de 15 minutos.

VII. AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E REVISIÓN.

A cualificación dos traballos realizarase conforme os criterios establecidos na guía da materia, que estarán vinculados á consecución das competencias da titulación e as transversais. O titor será responsable de realizar o seguimento e emitir informe preceptivo e confidencial sobre este seguimento antes da defensa do traballo e para os efectos de que se teña en conta polo Tribunal avaliador.

En cada convocatoria, previo á defensa dos TFG, os membros do tribunal ou tribunais reuniranse cos membros da Comisión de TFG para acordar uns criterios de cualificación comúns ao longo do curso académico. O tribunal deliberará sobre a cualificación que lle corresponde conforme aos criterios de avaliación publicados na guía docente, outorgando a cualificación conforme á seguinte escala numérica, de 0 a 10, con expresión dun decimal, á que se engadirá a súa correspondente cualificación cualitativa:

NP	Non Presentado
0,0-4,9	Suspenso (SS)
5,0-6,9	Aprobado (AP)
7,0-8,9	Notable (NT)
9,0-10	Sobresaliente (SB)

O tribunal realizará un informe, segundo un modelo que se elaborará para o efecto, no que valorará a presentación escrita do TFG (memoria), a presentación oral e o nivel e solidez de coñecementos do/a alumno/a. O tribunal valorará o grado no que o/a alumno/a adquiriu as competencias xerais e específicas que se recollen na Memoria de Grao.

A mención de “Matrícula de Honra” poderá ser outorgada a estudiantes que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9,0. O seu número non poderá exceder do 5% do alumnado matriculado nesa materia no correspondente curso académico. Se o número de alumnos/as é inferior a 20, poderase outorgar unha matrícula de honra. Esta mención só poderá outorgarse unha vez rematadas as defensas de todos os traballos correspondentes ao curso académico. No caso de existiren dous ou máis tribunais avaliadores, a atribución desta cualificación corresponderá realizala á Comisión do TFG, oídas as propostas dos diferentes tribunais actuantes.

O alumnado ten dereito á revisión das cualificacións nas datas e horarios que para tal efecto deberán fixarse no momento de fazer públicos os resultados provisorios. As datas de revisión deberán estar comprendidas dentro dos dez días seguintes á publicación dos resultados e contemplarán como mínimo dúas datas opcionais. A estos efectos o mes de agosto será inhábil e non computará neste prazo.

A revisión será persoal e poderá realizala un ou varios membros do Tribunal. En todo caso deberá quedar constancia da celebración da revisión e da data en que se realizou mediante calquera sistema que acredite a súa realización. O procedemento de reclamación contra a cualificación será o establecido na normativa vixente relativa a avaliação do rendemento académico dos estudiantes e de revisión de cualificacións.